MAL TEMPO, BOA CARA NUMANTINA

Todos os equipos do Numancia, agás os biberóns teñen partido nesta fin de semana. Analizamos o que nos agarda nesta nova fin de semana de inverno.

MODESTOS: Reciben na 18ª xornada ao 13ª clasificado, o CD San Sadurniño, un equipo que conseguiu derrotar ao Numancia na primeira volta. Boa ocasión para resarcirse e para refrendar cunha vitoria a boa imaxe das últimas xornadas. Será o domingo as 16:30 en Prados Vellos e anuncian sol, polo tanto non haberá excusas para que a Marea Vermella non acuda a animar ao noso equipo. ¡¡¡Non faltedes¡¡¡

XUVENÍS: Na 7ª xornada o equipo xuvenil situado na segunda plaza recibe o sábado a un dos equipos da zona baixa, a SD O Val "B". Non deberán confiarse os nosos rapaces xa que o equipo valexo conseguiu todos os seus puntos a domicilio. Será o sábado as once (11:00) cando a Marea Vermella ten unha cita cos xuvenís en Prados Vellos. ¡¡¡Pasamos lista¡¡¡

CADETES: Na 8ª xornada intentarán seguir coa boa imaxe da última xornada o venres as 17:30 no campo de O Poboado de As Pontes a onde acudirán ben abrigados.

INFANTÍS: Xogan na 11ª xornada ante o Galicia de Caranza "B" coa intención de seguir sorprendendo aos equipos da zona alta. Será o sábado as 11:00 no Municipal Javier

Gómez Noya de Caranza.

FÚTBOL - 8: Abren xornada os dous equipos de prebenxamíns o venres. As 17:30 temos derbi en Prados Vellos. O **prebenxamín "A"** recibe ao Galicia de Mugardos nunha boa ocasión de disfrutar do fútbol dos pequenos entre equipos veciños. As 18:00 o **prebenxamín "B"** xoga no campo de A Veiga ante o equipo anfitrión, o E.F. Cabanas.

O sábado os **alevíns** xogan en Neda as 10:00 ante o Rápido de Neda "B". Os **ben xamíns** viaxan ata A Barqueira no concello de Cerdido para xogar as 12:00 ante a UD Cebarca no Bernardino Breijo.

En definitiva, unha nova fin de semana de fútbol onde os abrigos, os gorros e as bufandas serán elementos fundamentais para animar aos nosos futbolistas.

Vémonos este fin de semana en Prados Vellos, As Pontes, Caranza, Neda, Cerdido ou en Cabanas.

O Numancia somos tod@s.

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡